

# CRITERIOS DE VALORACIÓN DA PROBA ESPECÍFICA DE ACCESO

## Departamento de Arpa

A proba de acceso específica suporá o 60% do total da cualificación da proba de acceso aos estudos superiores de música. O 40% restante corresponderá á media do expediente académico do Título Profesional de Música do/da aspirante.

### Características da proba específica de acceso:

#### PARTE A (90% da nota final da proba específica)

Interpretación dun programa de entre 20 e 30 minutos integrado por obras e/ou estudos de estilos contrastantes, dunha dificultade axeitada ao nivel de acceso de estos estudos. Valorarase positivamente a interpretación dunha ou de todas as pezas de memoria.

Ao final deste documento, presentase unha lista orientativa de repertorio para facilitar a elaboración dun programa axeitado ao nivel da proba.

#### Criterios de avaliación:

- Elaboración do programa (10%)

*Programa equilibrado con obras de estilos contrastantes representativas da diversidade de estilos que abarca o repertorio para arpa e dunha dificultade axeitada ao nivel da proba.*

-Control técnico do instrumento. (25%)

*Utilización dunha técnica axeitada ás pezas e estilos presentados, control do uso dos pedais, adecuación dos dixitados ao discurso musical, ...*

-Respeto do texto musical. (25%)

*Correcta comprensión e interpretación das indicacións musicais*

-Calidade do son. (20%)

*Control das posibilidades sonoras do instrumento e limpeza.*

Expresividade (20%)

*Calidade artística da interpretación, actitude axeitada e calidade comunicativa no escenario, interpretación de memoria.*

#### PARTE B: (10% da nota final da proba específica)

Lectura a vista dun fragmento proposto polo tribunal con 5 minutos de preparación sen instrumento.

#### Criterios de avaliación:

- Amosar unha lectura fluída (50%)

*Mantemento do ritmo e da velocidade aproximada indicada na obra, evitar pausas que non estean indicadas, ...*

-Respetar o texto musical (30%)

*Atención ao estilo musical, aos matices, á forma do fragmento, ...*

-Demostrar capacidade de corrección no caso de cometer algún erro (20%)

### **Detalles prácticos:**

O/A aspirante deberá facer chegar ao tribunal unha copia das obras que vaia interpretar. O/A aspirante poderá elixir unha das seguintes opcións:

- No mesmo momento da proba, entregar para cada membro do tribunal unha copia en papel das partituras do repertorio que presenta, xunto coa relación das obras con indicación da duración aproximada das obras e a orde que ten previsto seguir durante a interpretación.

- Enviar cun mínimo de 24 horas de antelación, mediante correo electrónico, as partituras en PDF xunto coa relación de obras con indicación da duración aproximada das obras e a orde que ten previsto seguir durante a interpretación ao enderezo electrónico [bleuennlefriec@edu.xunta.gal](mailto:bleuennlefriec@edu.xunta.gal)

### **Repertorio orientativo**

Facilitamos a modo de orientación unha guía de autores e algunhas das súas obras coas que se pretende amosar o estilo e nivel interpretativo a valorar durante a proba. Ningunha delas ten carácter obrigatorio e podese presentar un programa con autores e obras diferentes das aquí relacionadas

#### **Estudos:**

Bach-Grandjany: Un estudo

Bochsa: Cinquante Études, Op. 34, 1º Cuaderno

Dizi: Un estudo

Hasselmans: La Source, Op.44

Zabel: Un estudo

#### **Barroco y clásico:**

Bach: Preludios.

Dussek: Sonata en Do menor

Haëndel: Concerto para arpa en Sib maior, Op. 4, nº 6, Tema e Variacións

Naderman: Sete Sonatinas Progresivas

Parry: Sonatas

Scarlatti: Unha sonata

#### **Romántico:**

Glinka: Variacións sobre un tema de Mozart, Nocturno

Hasselmans: Gitana

Thomas: The Ministrels Adieu

#### **Impresionista:**

Debussy: 1ª Arabesque, Preludios, ...

Ibert: Ballade.

Pierné: Impromptu Caprice

Tournier: Extractos de Images, Au Matin, F erie ...

**Otros:**

Golestan: Ballade Roumaine

Guridi: Viejo Zortzico

Rota: Sarabande et Toccata

Respighi: Sicilienne

Gli re: Impromptu

**Contempor neo:**

Holliger: Sequenzen  ber Johannes I,32

Petit: Bleu Nuit

Salzedo: Chanson dans la nuit

Ta ira: Sublimation